




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: O Grove. Parroquias: San Martiño do Grove. Extensión: 2,35km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Parte interna da Península do Grove na que dada a intensa dinámica intermareal predominan os procesos de sedimentación fluvio-mariña. Este feito configurou unha costa baixa con abundancia de depósitos areoso-lamacentos e áreas de marismas que se estenden por toda a franxa costeira da unidade. Pola súa banda a vertente presenta unha pendente regular con ascenso progresivo cara á liña de cumes formada por unha serie de elevacións graníticas que non superan os 135m snm. Inclúe o EIX Marismas da enseada do Bao e desembocadura do Umia. Pola súa banda a vertente presenta unha pendente regular con ascenso progresivo cara á liña de cumes formada por unha serie de elevacións graníticas que non superan os 135m snm.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

O patrón litolóxico da unidade mostra a dualidade existente na Península do Grove, entre os materiais Precámbrico-Silúricos dominando no centro, e os depósitos cuaternarios cubrindo as franxas costeiras. Así pois, no interior localizanse as Granodioritas Tardías Biotítico-Anfibolíticas con facies de gran grosso, mentres que cara á costa, no leste, os depósitos de áreas de praias coexisten cos marismais.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa baixa de ambiente climático Cálido e Húmido caracterizado por precipitacións medias entre 1200mm e 1400mm, temperaturas suaves que alcanzan valores medios anuais por encima de 15°C e amplitude térmica anual entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Chans propios das chairas intermareais e marismas derivados dos procesos de sedimentación fluvio-mariña: fluvisois sálicos e tiónicos entre as puntas Silva ao sur e de Bicada ao norte, xunto con solos lamacentos de tipo sapropel. A vertente presenta un primeiro sector costeiro de escasa pendente con chans profundos e fértiles, fundamentalmente cambisols dístricos, e por encima da ladeira nororiental do alto Loureiro con maiores desniveis e polo tanto con chans menos evolucionados do tipo umbrisol.


AS AUGAS

Unidade constituída por unha liña de costa baixa con gran abundancia sedimentaria procedente do achegue dos ríos que chegan ao estuario da Enseada do Vao, nas Augas de Transición 20149. Os cursos fluviais limitanse a arrosos temporais que realizan pequenos canos no seu camiño ao mar.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa incluída no Iba Contorna mariña das Rías Baixas. LIC Complexo Ons-O Grove na chaira máis próxima á costa e nas formacións intermareais e submareais. Marismas (grupo 13, 28ha) e bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais (hábitats do 1110 e 1140), son os valores ecolóxicos máis importantes e os ambientes de maior dominio na unidade. Entre Punta de Silva e Punta Antarde existe unha pequena zona dunar incluíble no grupo 21 de hábitats, o de dunas marítimas atlánticas. Máis alá diso, o dominio forestal de repoboación e a forte ocupación humana, agrícola e urbanística, impide o desenvolvemento doutros hábitats importantes. Con todo, a chaira costeira que bordea as marismas contén interesantes masas de frondosas que, aproveitando da hidromorfía e do abandono dalgunhas leiras, progresaron en bosquetes de orixe mixta e dominio de frondosas autóctonas. Cóntase con cita do taxon vulnerable protexido *Chaetopogon fasciculatus* subsp. *prostratus*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Trátase dunha área na que predominan as coberturas naturais ou seminaturais, destacando as formacións marismeñas en toda a súa costa, e as plantacións arbóreas no interior, fundamentalmente compostas por eucaliptos, e con matogueira de substitución nos claros. Entre ambas existe unha estreita franxa de terreo chaira, non inundable, na que se localizan a maioría de usos directamente relacionados coa poboación. É nesta zona pola que transcorre a principal vía de comunicación, e nas súas marxes establécense as poboacións e sobre todo, parcelas de cultivos tradicionais. Os viñedos fanse aquí moito menos frecuentes.

MORFOLOXÍA

A unidade ocupa o sector suroriental da península do Grove, ocupando unha área cuxa morfoloxía varía entre os espazos intermareais das marismas do Complexo Umia-O Grove, até un pequeno relevo granítico elevado cara ao centro de dita península. Os asentamentos de poboación quedan establecidos liñalmente na chaira litoral, en paralelo ao mar e seguindo a estrada PO-316. Este crecemento produciuse a partir das vivendas tradicionais anteriormente establecidas en Ardia. Ademais, cara ao norte, o agrupado núcleo da Graña experimentou unha expansión baseada en edificacións de tipoloxía distanciada dos aproveitamentos rurais tradicionais.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación que chega á unidade é a prolongación da PO-316, que une o núcleo do Grove co interior a través do istmo da Lanzada. Cara ao norte, desta estrada pertencente á rede primaria parte un ramal cara ao leste que constitúe o único acceso á Illa da Toxa: a PO-312, da rede secundaria. Outros camiños repártense entre o monte da zona, formando unha rede local de comunicacións. ademais do transporte terrestre, algunhas embarcacións particulares empregan os canos e chairas intermareais como embarcaderos improvisados, polo que se constata a existencia de movementos mariños a pequena escala, aínda que non existen infraestruturas ao efecto.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non se catalogaron elementos patrimoniais de interese na unidade. En todo caso, citar o arraigo popular da festividade de San Xoan.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade distínguese pola conxunción de ambientes que presenta, pasando das chairas intermareais formadas polas marismas, ao monte densamente ocupado por repoboacións forestais. No medio, na chaira litoral, a estrada que dá acceso ao núcleo do Grove, articula o territorio e canaliza as actuacións antrópicas sobre o medio. Trátase por tanto, dunha unidade lineal, de tránsito, entre dous medios de difícil asentamento para a poboación.

DINÁMICA DA PAISAXE

Os cambios acaecidos durante o último século teñen que ver co aumento da poboación establecida ao redor da vía principal que percorre a unidade, e co abandono das actividades rurais tradicionais. En efecto, os cultivos e prados asociados aos núcleos de poboación experimentaron un amplo retroceso, aumentando no seu lugar a superficie dedicada as explotacións forestais no bordo do monte e a chaira litoral. Este é un claro indicativo de que as novas poboacións establecidas están cada vez máis desvinculadas das actividades tradicionais.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A pesar da profunda transformación humana que afecta as coberturas do chan, esta unidade reúne un gran valor natural e paisaxístico, xa que se sitúa no peche do Complexo Intermareal Umia – O Grove. Ademais de toda esta lámina de auga, dende esta unidade é posible observar tamén a Illa da Toxa, dun considerable recoñecemento popular. Que a parte costeira desta zona forme parte dun humidal protexido incluído dentro do Convenio RAMSAR, da zona ZEPA, e do LIC – ZEPVN Complexo Intermareal Umia – O Grove, é unha das claves para que esta zona conte cunha grande valoración paisaxística. Nela situouse un punto de observación localizado no fito paisaxístico de Monte Golpeira, dende o cal pode observarse toda a unidade, en conxunto coa lámina de auga e co fondo escénico de páarte sur da Ría de Arousa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.




















ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.







ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, huso 29



